

Textos: **KANCHANA ARNI**  
**GITA WOLF**

Tradución: **PILAR MARTÍNEZ**

Caixón de Arte. Encadernado en cartón

92 páxinas a toda cor. 22,5x22,5 cm.

Libro artesanal feito á man

Edición limitada e numerada de 2000 exemplares

Inclúe un contenedor e tres láminas por separado

Dispoñible en:

-Castelán: "Animalario (Arte de la India)"


ISBN 84-934713-6-4

Prezo: 35 €



LIBRO DE ARTE  
MELLOR EDITADO 2007

## ANIMALARIO (Arte de la India)



**Unha peza de coleccionismo para bibliófilos. Cada páxina é unha impresión orixinal, unha serigrafía sobre papel especial feito á man. Os autores destes libros artesanais son unha comunidade de impresores da India, que plasmaron neste traballo a súa ampla experiencia na aplicación dunha técnica única. Polo seu concepto, deseño e produción, estes libros artísticos chegan ao lector elevados á categoría de ben cultural.**

Os animais teñen un gran protagonismo na cultura India; existen numerosas representacións artísticas de elefantes, tigres, serpes, vacas e exemplares doutras especies, case sempre con carácter simbólico. Esta obra achega ao lector ás tres categorías de arte comunitario que existen na India: popular, tribal e tradicional.

Fronte a outros países nos que se perdeu, a arte do pobo aínda pervive na India, con toda a súa variedade e riqueza multicultural. Este libro é o froito de máis dun ano de traballo de investigación e recompilación, que desvela curiosidades e datos significativos sobre a idiosincrasia da India.

Así, as mulleres da rexión de Bihar desempeñan un importante papel na elaboración da arte Madhubani, o que supuxo unha mellora na súa calidade de vida ao conseguir que as súas obras se introduzan no mercado da arte. Nembargantes, e malia o seu talento creativo, outros colectivos sociais como os Adivasis, seguen sendo unha das tribus máis desfavorecidas polas institucións oficiais.

Os autores de "Animalario" reflexionan tamén sobre as relacións desiguais de poder no mundo e o efecto negativo que o desenvolvemento económico moderno tivo nas comunidades tribais. En consecuencia, todos os dereitos das vendas de "Animalario" repártense entre os artistas.

En canto á fabricación artesanal destes libros, os tipos e as imaxes compóñense nunha plancha, que se fixa nun armazón e se monta nunha imprenta dos anos 50. Cada cor estámpase por separado en cada páxina. Por outra parte, realízase unha reprodución en serigrafía de cada imaxe como se fose unha pintura orixinal, esparcendo a tinta cunha espátula sobre o papel, que se deixa secar para, finalmente, ordear as páxinas, encolar a cuberta, coser e encadernar á man.

Un país único e fascinante, unha valiosa bagaxe de técnicas e estilos (pithora, gond, patachitra, sohrai, kalamkari...) e a vontade de explorar novas experiencias artísticas convierten "Animalario" no novo tesouro editorial de FAKTORIA K DE LIBROS.

■ **Temática:** representacións de animais segundo a visión da arte popular, tradicional e tribal da India.

■ **Idade recomendada:** adultos

■ **Aspectos destacables:** edición limitada e numerada de 2.000 exemplares; contén un índice final con información sobre cada imaxe: título, estilo artístico e rexión á que pertence, autor, tipoloxía de arte (relixiosa, decorativa, tribal), temática e orixe da ilustración.

■ **Material adicional:** o libro acompáñase dunha folla explicativa sobre o proceso de elaboración artesanal e, como agasallo, tres láminas por separado.

